

2004

III CEA ANIVERSARIO

PLANTACIÓN DE ÁRBORES. Sumámonos á campaña da Consellería de Medio Ambiente "Un millón de árbores para os camiños" plantando árbores na beira do río.

EXCURSIÓN DIDÁCTICA POLO RÍO DE ALUMNOS DO COLEXIO SAGRADO CORAZÓN DE PLACERES, PONTEVEDRA, acompañados por membros de Vaipolorío.

ROTA DOS GAFOS Instalación dun panel informativo da Rota Ecolóxica do río dos Gafos.

IV CAMPAÑA DE LIMPEZA Levouse a cabo durante 9 domingos consecutivos, cunhas características semellantes ás de anos anteriores. Nesta campaña contouse coa colaboración de persoal e internos do Centro Penitenciario A Lama, coa da Asociación de Veciños San Andrés de Figueirido, Os Verdes, Asociación pola Defensa da Ría e Franca Irmandade.

CONCESIÓN DO PREMIO AMIGOS DE PONTEVEDRA A asociación Amigos de Pontevedra ten a ben concedernos, no apartado de institucións, o premio Amigos de Pontevedra polo traballo de recuperación das beiras do río dos Gafos e pola acción sociocultural.

IV FESTA DO RÍO A dita festa contou coa actuación do grupo de música tradicional Paidacana, unha comida (polbo á feira e carne ó caldeiro), xogos populares, un paseo polo río e a exposición de 111 envases de vidro retirados do leito do río nas distintas campañas de limpeza. Nesta ocasión rendéuselle homenaxe ó finado poeta Manuel María coa lectura de varios dos seus poemas.

RECUPERACIÓN DA TOPONÍMIA Iníciase a recuperación da microtoponímia (toponímia menor) do río, coa colaboración de veciños e veciñas das distintas parroquias bañadas polo río dos Gafos. O dito traballo diríxelo o filólogo Carlos Solla Varela.